




Plan de Axudas Programa LEADER 2014-2020

Territorio GDR– Costa da Morte.
O ámbito territorial de actuación do programa xestionado polo **GDR–Costa da Morte** correspóndese cos seguintes concellos:

- | | | |
|-------------------------|--------------|-------------|
| > Cabana de Bergantiños | > Coristanco | > Mazariños |
| > Camariñas | > Dumbria | > Muxia |
| > Carballo | > Fisterra | > Ponteceso |
| > Carnota | > A Laracha | > Vianzo |
| > Cee | > Laxe | > Zas |
| > Corcubión | > Malpica | |

Edificio Servicios Múltiples,
Rúa A Torre, s/n
15129 – VIMIANZO
T. 678 648 065

Centro Comarcal de Bergantiños,
A Camposa, s/n, Buño,
15111 – MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 608 633 222

+ info | 981 71 73 58
gdrcostadamorte.com



PATRIMONIO

Descubrir o patrimonio de Malpica, é dar un paseo pola historia de Galicia, onde está resumida tódalas épocas.

Arqueolóxico

O Dolmen da Pedra da Arca é un monumento megalítico, que data do período de máximo esplendor desta cultura, entre o 3500 e o 2700 a.C. As súas dimensións convérteno nun dos máis grandes de Galicia. O dolmen aínda conserva parte da mámoa, e está composto por unha cámara poligonal e un corredor orientado ao leste.


A Cista de Taraio é unha sepultura individual da Idade do Bronce, na que se soterraba ao defunto de xeonllos; o enxoval atopado no interior está formado por un puñal de bronce e un vaso de cerámica lisa de cor ocre. Atopouse preto de Taraio; actualmente atópase no Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón.

Relixioso

A xoia do patrimonio relixioso de Malpica é a igrexa de Santiago de Mens (s. XII), declarada Conxunto Histórico Artístico. Nela pódense apreciar vestixios das tres fases de construción.

Da época prerrománica consérvanse as tres naves; e do románico, nas ábsidas, hai unha interesante colección de canzoriños, con figuras animais, vexetais e humanas, das que teñen especial interese os acróbatas, as bailarinas e o pensador.

Na fachada principal pode apreciarse o estilo barroco. No interior destacan os capiteis, as pinturas murais, e unha peculiar ara precristiá.



> A Capela do Espírito Santo (s. XVII) en Mens, é un sinxelo templo no que destacan dous sillares labrados cun escudo e unha inscrición. O escudo está acolado coa cruz de Santo Domingo (Santa Inquisición). Na inscrición pódese ler “esta obra realizouse sendo reitor D. Antonio Piñeiro (Santa Inquisición), no ano 1684”.

Igrexa de Santo Estevo de Buño (s. XVI-XVIII), neste pequeno templo destaca unha escalinata de considerables dimensións e na fachada unha escultura de Santo Estevo.

Civil

Nunha paraxe de gran beleza os muíños da Ribeira forman un conxunto etnográfico situado practicamente na rompenle. Este exemplo da forma en que “as xentes de antes” sabían aproveitar a forza da auga sitúase na parroquia de Cerqueda.

A Casa do Pescador, na vila de Malpica, é un edificio que se inaugurou no 1956, actual sede da Confraría de Pescadores. Da súa decoración encargouse Urbano Lugrís, e no interior pódese admirar a obra deste pintor surrealista.

A vila mariñeira de Malpica fundouse século XII como base para a flota baleeira, ata fai pouco nalgúnhas casas os grandes osos de balea era utilizados como vigas ou as vértebras como asento. Os barrios da Atalaia e o do Areal son os máis antigos.

MIRADIROIRO DE SANTO HADRIÁN

Fronte ás Illas Sisargas atópase o cabo de Santo Hadrián, no que está situado un impresionante miradoiro ao Océano Atlántico. Podes chegar a pé pola senda que percorre o litoral, aquí terás unha fermosa panorámica do horizonte, da vila de Malpica e a costa de Razo e Baldaio.



AS TORRES DE MENS

Tamén coñecidas como a fortaleza dos Moscoso, as Torres de Mens (s.XV) están catalogadas como Ben de Interese Cultural.

Este recinto amurallado de forma ovalada que pertenceu aos Condes de Altamira está formado pola vivenda e tres torres, nunha delas sobresaen un balcón corrido de madeira, apoiado sobre ménsulas de pedra. A fortaleza foi derruída durante a revolta Irmandiña, pero foron sometidas a unha minuciosa rehabilitación. Unha lenda relaciona esta fortaleza coa igrexa de Mens; cóntase que un pasadizo secreto comunicaba estes dous edificios e que a terra que o cubría non era fértil.





Visitar a Sisarga Grande é unha experiencia inesquecible, desde o pequeno embarcadiño, ao lado da praia, parte un sendeiro ata o faro, que é un dos máis antigos da Costa da Morte, construído en 1853.

A sobrecolleadora soidade da paisaxe nos trasládanos a un mundo salvaxe, un mundo que non é dos homes; senón da néboa, dos paxaros e do misterio.

Cada furna, sainte, cantís, e un mar de tempestades e naufraxios fainos comprender o porqué das escuras lendas que se filtran na atmosfera da illa.

O arquipélago das Sisargas está declarado Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) dentro do LIC Costa da Morte – Rede Natura 2000, xa que son un importante refuxio para as aves mariñas.

A súa importancia radica nas colonias de gaivota escura, gaivota tridáctila e gaivota patiamarela. Ademais das especies de flora endémica, como varios tipos Armeria marítima.



OLERÍA DE BUÑO
E ECOMUSEO

Buño é a vila oleira máis importante de todo o noroeste peninsular tanto por produción como por número de oleiros e obradoiros. Os oleiros desta localidade foron galardoados coa Medalla de Ouro das Belas Artes.

Esta actividade tradicionalmente centrábase na produción de utensilios cotiáns que forman parte do fogar galego; moitos deses deseños orixinais aínda perduran pero nas últimas décadas foron evolucionando cara a unha expresión máis artística. Buño é unha mostra oleira permanente, só hai que percorrer as súas rúas para gozar dunha demostración en vivo nos distintos talleres da vila. O Ecomuseo Forno do Forte é un dos conxuntos etnográficos máis emblemáticos de Buño, construído ao longo dos s. XVIII-XIX nunha casa labrega de gran tamaño. Aquí poderás retroceder no tempo e mergullarte no modo de vida dunha familia oleira en 1950.



FARO DE PUNTA NARIGA

Punta Nariga é un deses lugares emblemáticos da Costa da Morte, onde a paisaxe transpira o espírito máxico de Galicia; pedras en extrañas formas que semellan animais e a inmensidade do océano lémbRANDO a nosa insignificancia.

Para completar a estampa, sobre os cantís álzase o faro máis moderno de Galicia; unha creación de César Portela, con 50 metros de altura e 22 millas de alcance lumínico, todo un referente na integración da arquitectura coa paisaxe. A base do edificio prolóngase como a proa dun barco, que acomete as arremetidas do mar; coroando esta estrutura a modo de mascarón de proa “o Atlante”; unha escultura do artista Manolo Coia que desafia ao ímpeto dos ventos.



FESTAS

Malpica de Bergantiños é un territorio que mestura con naturalidade e entusiasmo, a tradición, a cultura, a diversión e o fervor relixioso nas súas celebracións.

A Romaría de Santo Hadrián, declarada Festa de Interese Turístico de Galicia é unha das máis concorridas da Costa da Morte. Cada ano, ao final da primavera miles de persoas conéganse na peregrinaxe que remata na ermida do cabo de Santo Hadrián. Despois dos oficios relixiosos ten lugar unha típica romaría galega, onde non faltan a música, gaiteiros, sardiñada e ofrecemento de exvotos. Nos últimos días do verán, as Festas do Mar atraen a Malpica a miles de persoas para gozar do potente ambiente festivo de día e de noite, con procesións marítimas, música, e unha gran oferta de actividades lúdicas, que rematan cunha espectacular sesión de fogos de artifício.

O Entroido en Malpica de Bergantiños concentra unha variada mostra dos aspectos etnográficos e culturais de diferentes parroquias e lugares, como o Enterro da Mikaela, en Buño e os Madamitos é Ghuardineros da parroquia de Cerqueda, que é unha das manifestacións do Entroido máis singular e antiga da Costa da Morte..

PRAIA

A costa de Malpica está salpicada de fermosas praias onde pasar un día de verán ou practicar deportes. A praia de Area Maior é a principal da vila de Malpica, conta con todos os servizos e é un referente internacional para a práctica do surf. As praias das Torradas e Riás, de augas cristalinas e forte ondada; ou a de Seiruga que, conta cun sistema dunar e marisma; son de entorno natural. Para os amantes do surf San Miro ou Seia son unha boa alternativa. Hai outras praias máis protexidas como Canido, Beo ou Barizo.



MOSTRA DA OLERÍA BUÑO

Na primeira quincena de agosto celébrase A Mostra da Olería de Buño, un evento que achega a todos, os segredos dun oficio ancestral transmitido de xeración en xeración. Durante A Mostra os visitantes poderán ver as últimas creacións dos oleiros, demostracións en vivo da arte do torno e cocedura tradicional. Ademais hai obradoiros, eventos gastronómicos, actuacións musicais e concertos.



GDR

COSTA DA MORTE

UN TERRITORIO CHEO DE RIQUEZAS

GDR Costa da Morte somos unha asociación sen ánimo de lucro creada para integrar e representar aos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento deste territorio.

As nosas competencias abarcan desde a xestión de axudas do Programa "Leader Galicia 2014-2020" ata a promoción e divulgación do noso territorio. Informamos e asesoramos á poboación rural sobre os programas de desenvolvemento rural e incentivamos a participación activa nos mesmos, ademais de promover e captar iniciativas acompañando aos promotores no proceso de maduración dos proxectos.

Outra vertente do noso traballo é dar a coñecer os valiosos recursos e o gran patrimonio destas terras, dende o turismo, a gastronomía, o patrimonio inmaterial, artístico, arqueolóxico ou natural.

O GDR Costa da Morte está composto por 17 concellos: **Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxia, Ponteceso, Vimianzo e Zas.**

Cada concello é único e aporta un gran valor á nosa iniciativa, desde recursos naturais, económicos, turísticos, culturais, gastronómicos, patrimoniais ata iniciativas pioneiras da nosa xente; o aproveitamento e a divulgación destes bens promoven o desenvolvemento do noso ámbito.


Coñecelos todos é descubrir unha gran parte da riqueza da nosa terra.

RUTAS

-  CAMIÑO DE SANTIAGO
-  R1 ----- MEGALÍTICA
-  R2 ----- DO ROMÁNICO
-  R3 ----- DA PAISAXE
-  R4 ----- DOS FAROS
-  R5 ----- FÁBRICA DA LUZ
-  R6 ----- DO RÍO ANLLÓNS
-  R7 ----- CAMIÑO DA RIBEIRA
-  R8 ----- SANTO HADRIÁN
-  R9 ----- OS PINOS NO MAR
-  R10 ----- DAS PRAIS
-  R11 ----- DAS FÉRVEDAS

QR

Amplía información da Costa da Morte



SIMBOLOXÍA

- | | | | |
|---|----------------------|---|--|
|  | Camino de Santiago |  | Ponte |
|  | Punto de información |  | Conxunto Histórico |
|  | Aula da Natureza |  | Lonxa Fisterra |
|  | Cemiterio de Cores |  | Petroglifo |
|  | Muíño |  | Marco do Couto |
|  | Igrexa Santuario |  | Dolmen |
|  | Pazo |  | Museo |
|  | Castelo Torre |  | Praia |
|  | Cruceiro |  | Faro |
|  | Horreo |  | Paisaxe |
|  | Museo do Alemán |  | Centro de Interpretación Monte Pindo e Fervenza do Ézaro |
|  | Pedras Máxicas | | |

